



## MEMORIA XUSTIFICATIVA

**ASUNTO: CONTRATACIÓN DA REPARACIÓN DE DEFICIENCIAS, DETECTADAS POR ORGANISMO DE CONTROL AUTORIZADO, NA INSTALACIÓN ELÉCTRICA DA SEDE ADMINISTRATIVA E OS DEZ PARQUES DE BOMBEIROS DO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA ASÍ COMO O SUBMINISTRO DE MATERIAIS NECESARIOS.**

**EXPEDIENTE:** 2024/C004/000005

Á vista da documentación incorporada no expediente para promover a **CONTRATACIÓN DA REPARACIÓN DE DEFICIENCIAS, DETECTADAS POR ORGANISMO DE CONTROL AUTORIZADO, NA INSTALACIÓN ELÉCTRICA DA SEDE ADMINISTRATIVA E OS DEZ PARQUES DE BOMBEIROS DO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA ASÍ COMO O SUBMINISTRO DE MATERIAIS NECESARIOS**, elabórase a presente memoria xustificativa da contratación de referencia:

### 1. XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE

#### 1.1 OBXECTO DO CONTRATO

O presente contrato ten por obxecto establecer as condicións básicas polas que se rexerá a reparación das deficiencias detectadas por Organismo de Control Autorizado na instalación eléctrica da sede administrativa e os dez parques de bombeiros do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, así como a obtención de Certificado de Inspección da Instalación de Baixa Tensión actualizado, coa cualificación de favorable, e cunha vixencia de cinco anos, con arranxo ao prego de prescricións técnicas que se incorpora como anexo e que ten carácter contractual.

#### 1.2. NECESIDADE ADMINISTRATIVA A SATISFACER EN RELACIÓN CO OBXECTO DO CONTRATO

Dando cumprimento ao disposto nos artigos 28 e 116.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 que establecen que o expediente esixirá o informe do órgano de contratación no que se motive a necesidade do contrato, procede indicar que as necesidades administrativas a satisfacer mediante este contrato son as que a continuación se detallan:

En relación co asunto sinalado na cabeceira procede informar:

I.- En cumprimento da normativa vixente, é responsabilidade do Consorcio a realización dunha inspección regulamentaria das instalacións eléctricas de baixa tensión cada cinco anos por unha empresa de inspección e control debidamente autorizada pola Xunta de Galicia para manter as características funcionais e de seguridade das instalacións, así como proceder á reparación das deficiencias detectadas.

II.- É obxecto desta contratación as actuacións necesarias a realizar para a reparación das deficiencias detectadas na sede administrativa e nos dez parques de bombeiros do Consorcio provincial contra incendios e salvamento da Coruña.

### 2. CLASIFICACIÓN CPV

O presente contrato contén codificación segundo a nomenclatura da Clasificación de Produtos por Actividades (CPV), recollida no Regulamento (CE) Nº 213/2008 da Comisión de 28 de novembro de 2007 que modifica o Regulamento (CE) Nº 2195/2002 do Parlamento Europeo e do Consello, polo que se aproba o Vocabulario común de contratos públicos (CPV), e as Directivas 2004/17/CE e 2004/18/CE do Parlamento Europeo e do Consello sobre os procedementos dos contratos públicos, no referente á revisión do CPV. A citada codificación é a seguinte:

50116100-2 servizos de reparación de sistemas eléctricos

71318100-1 Servizos de luminotecnia e de iluminación natural



### **3. PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO**

A duración do contrato será de 3 meses dende o día seguinte á formalización de contrato en documento administrativo.

Si se producise demora no cumprimento dos prazos de inicio do contrato por causas non imputables ao contratista, a Administración poderá a petición deste ou de oficio, conceder a prórroga que será polo menos por un tempo igual ao tempo perdido, salvo que o contratista solicite outro menor, de acordo ao disposto no artigo 196 da LCSP.

### **4. DIVISIÓN EN LOTES**

O artigo 99.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (en diante, LCSP) dispón que, sempre que a natureza e o obxecto do contrato o permitan, deberá preverse a realización independente de cada unha das súas partes mediante a súa división en lotes.

### **5. OUTRAS CONSIDERACIÓNS**

Para o cálculo do valor estimado tomase como referencia os prezos actuáis do mercado.

O que informo aos efectos oportunos.

Carballo, na data sinalada na firma dixital

A proposta

O xerente,  
José Luis Barca Añón

Conforme,

O presidente,  
Valentín González Formoso